

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 18 de xaneiro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezoito de xaneiro do dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Álvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(15).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 404/301, 1956/24, 352/23 E 1270/03.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes-proposta do xefe de área de Benestar Social de datas 07, 08 e 10 de xaneiro do 2013, conformados pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder o Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D. Enrique Prado Domínguez. Expte. 404/301.
- D^a M^a Asunción Morancho Aballe. Expte. 1956/24.
- D^a M^a Esther Pena Fernández. Expte. 352/23.

- D^a M^a Rosario Alonso Costas. Expte. 1270/03

2(16).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 65896/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de 02-01-13, do xefe do servizo de Admon. Electrónica, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e Novas Tecnoloxías e pola concelleira-delegada de Facenda; vistos así mesmo os informes da Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de datas 29-11-12 e 11-01-13, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aproba-lo gasto de 1.845.762,71€ (ano 2013: 307.627,11€; 2014: 461.440,68€; 2015: 461.440,68€; 2016: 461.440,68€; 2017: 153.813,56€), para a contratación do servizo integral de comunicacións municipal, que se imputarán á partida 9220.2220000 “gastos telefónicos dependencias municipais”.

Segundo.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación para o servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo, que contén o prego de cláusulas administrativas particulares do 28 de decembro de 2012 e prego de prescricións técnicas particulares subscrito polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica, en data 26 de decembro de 2012.

Terceiro.- Delegar a competencia de aprobación de modificacións para o contrato do servizo integral de comunicacións, expediente 5896/113, no Concelleiro-delegado da área de Fomento, das que deberá dar conta trimestralmente na Xunta de Goberno Local

Cuarto.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial da Unión Europea.

3(17).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A SETGA, S.L.U. EXPTE. 4281/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación de data 27-12-12, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 14-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a SETGA, S.L.U. a fianza de 2.559,32 euros, así como o importe de 668,04 euros ingresado en concepto de anuncios publicados para a licitación do subministro de bebedeiros e xardiñeiras para parques municipais, toda vez que o correspondente expediente quedou sen efecto.

4(18).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A ORECO, S.A. EXPTE. 3959/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación de data 26-12-12, vistos os informes da oficina técnica e da Intervención Xeral Municipal do 18 e 21-12-12, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a ORECO S.A. a fianza de 30.000 euros constituída para responder de danos en patrimonio por execución de obra do centro galego de fotografía, obras executadas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

5(19).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A CANON ESPAÑA, S.A. EXPTE. 4323/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación de data 26-12-12, vistos os informes de Contratación e da Intervención Xeral Municipal do 19 e 21-12-12, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a CANON ESPAÑA, S.A. a fianza de 247,92 euros constituída para responder de subministración de máquina Canon NP 6030, xa que foi recibida conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

6(20).- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO IV DUATLÓN CROSS MÁMOA DE CANDEÁN. EXPTE. 11896/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director deportivo do IMD de data 10-01-2013, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar o Club Triatlon Mar de Vigo, a organizar o vindeiro domingo 27 de xaneiro de 2013, o **“IV DUATLON CROSS MAMOAS DE CANDEÁN”**, este cross se levará como edicións pasadas no Parque Forestal do Vixador en Candeán, comezando ás 10.30 horas e rematando ás 14.00 horas aproximadamente.

7(21).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL ACORDO XGL DO 19-12-12, DE APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES DE ESPAÑA, S.A. EXPTE. 9263/77.

Examinadas as actuacións do expediente, á vista do erro detectado en canto ao número de CIF da entidade Peugeot Citroen Automóviles España S.A. no expediente relativo ao **"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A**

EMPRESA PEUGEOT CITROEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A. DENTRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO” e de acordo coa proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do 15-01-13, conformada polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:
Corrixir a acta de aprobación do antedito convenio, sesión do pasado día 19 de decembro de 2012, e así onde dí:

“Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Peugeot Citroen Automóviles España S.A. con CIF: G36893956.”

Deberá dicir:

“Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Peugeot Citroen Automóviles España S.A, con CIF: A36602837.”

8(22).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL DE 09-09-2011. EXPTE. 62754/250.
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 18-12-12, do asesor xurídico da área de Fomento, conformado polo concelleiro delegado de área e visto así mesmo o informe da Asesoría Xurídica municipal do 28-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos motivos que figuran no informe que antecede, pola Asesoría Xurídica Municipal se interpoña recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente contra resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia de data 28 de novembro pasado que desestimou o recurso de alzada interposto por este Concello contra resolución da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 9 de setembro de 2011 pola que se lle impón a este Concello unha sanción de 10.334,00 € como responsable dunha infracción administrativa de carácter grave en materia de Residuos, tipificada no artigo 66 da Lei 10/2008, de 30 de novembro, de Residuos de Galicia e se lle ordena proceder a repoñer as cousas ao estado anterior á comisión da infracción, mediante a retirada dos residuos e a súa entrega a xestor autorizado. Solicitando así mesmo a suspensión da execución do acto administrativo ata que o recurso non se resolva.

9(23).- PROXECTO DE RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA AVDA. DAS CAMELIAS, FASE I (ÁLVARO CUNQUEIRO-RÚA OURENSE). EXPTE. 2229/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 17-12-12, do xefe da área de fomento, conformado polo concelleiro-delegado de área e visto así mesmo o informe fiscalizador da Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto para executa-las obras de “Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Avda. Camelias. Fase 0. (Álvaro Cunqueiro – Rúa Ourense)”, por un importe total de 678,243,98 € (IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

10(24).- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN PARA A CESIÓN ANTICIPADA DE TERREOS NO SECTOR “S-23-R PARROCHA B”, PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO ACCESO NO PK 5 DA AUTOVÍA A-55. EXPTE. 5050/401.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo da súa sesión ordinaria do día 11-01-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do “Convenio urbanístico de xestión para a cesión anticipada de terreos no sector de solo urbanizable delimitado «S-23-R PARROCHA B» do PXOM de Vigo para a execución da obra de mellora e acondicionamento do acceso existente no P.K. 5+000 da Autovía A-55, con expresa reserva do aproveitamento urbanístico a favor dos seus propietarios”, na súa redacción inicial subscrita entre o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e a propiedade o 04.09.2012 (exp. 5050/401).

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados, con indicación de que o convenio deberá ser asinado dentro do prazo dos 15 días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo, consonte o disposto no art. 237.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, con expresa advertencia de que deberán achegar con carácter previo á sinatura do convenio a certificación rexistral dos terreos obxecto do convenio.

11(25).- MODIFICACIÓN DO DOMICILIO SOCIAL DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO APR A-5-39 VÍA NORTE. EXPTE. 5070/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 20-12-12, da técnica de Admon. Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión e pola xerente de Urbanismo, visto así mesmo o

acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo na súa sesión ordinaria do 11-01-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da modificación do domicilio social da Xunta de Compensación do APR A-5-30 Vía Norte, aprobada en Asemblea Xeral Extraordinaria do día 21.06.2012, da que se deu conta a esta Administración municipal o 04.12.2012 (doc. 120143089) mediante certificación expedida o día 03.12.2012 polo Secretario da Xunta de Compensación co visto e praxe da súa Presidenta; domicilio social agora situado na rúa Condessa Casa Bárcela, nº. 1 -entrechán-, en Vigo.

Segundo.- Remitir o presente acordo ao Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI) xunto con copia debidamente dilixenciada da certificación do 03.12.2012 do acordo adoptado o día 21.06.2012 en Asemblea Xeral Extraordinaria da Xunta de Compensación do APR A-5-39 Vía Norte, para a práctica da inscrición procedente.

12(26).- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.